

PROXECTO XEA-CLÍO

O meu mundo e o globo onde vivo



Ana Campillo Ruíz
Gonzalo Méndez Martínez
Xosé Manuel Souto González (coord.)



XERAIS



PROXECTO XEA-CLÍO

O meu mundo e o globo onde vivo



Ana Campillo Ruíz
Gonzalo Méndez Martínez
Coord.: Xosé Manuel Souto González

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



Maquetación:

Paco Armada

Capa:

Miguel Vigo

© Ana Campillo Ruíz, Gonzalo Méndez Martínez,
Xosé Manuel Souto González (coord.), 2000

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2000
Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO

ISBN: 84-8302-494-2
Depósito Legal: VG. 138-2000
Printed in Spain
Impreso en Gráficas Numen
Velázquez Moreno, 16
36201 Vigo

Agradecemos á editorial Nau Llibres as facilidades proporcionadas para realizar esta edición galega.
Este caderno é a versión galega do proxecto Xea-Clío
do que é propiedade, na súa versión orixinal castelán, a editorial Nau Llibres.

Reservados tódolos dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohíbe a reprodución,
plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica,
ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada
a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

1. COÑECEMO-LAS OPINIÓNS SOBRE OS LUGARES	5
2. POÑEMOS EN COMÚN AS NOSAS IDEAS	9
3. DOS LUGARES ÓS MAPAS	11
4. FACEMOS UN GUIÓN PARA ESTUDIA-LOS LUGARES	17
5. VISITAMOS UN LUGAR	20
6. O MUNDO E AS NOTICIAS DOS LUGARES	22
7. EXPEDICIÓNS XEOGRÁFICAS E DESCUBRIMENTOS DE LUGARES	27
8. EXPLICÁMO-LOS ELEMENTOS DUN LUGAR VISITADO UNHA PRIMEIRA SÍNTESE	30
9. A PRESENTACIÓN DOS LUGARES COÑECIDOS	33
10. A PRESENTACIÓN DOS LUGARES NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN	36
11. A REPRESENTACIÓN CARTOGRÁFICA DOS LUGARES	40
12. EXPLICAMOS A UN FORASTEIRO O LUGAR ONDE VIVO	45
13. PLANIFICAMOS UNHA VIAXE A UN LUGAR DESCOÑECIDO	48
14. EXPLICAMOS E COMPARAMOS LUGARES DO MUNDO A TRAVÉS DE NOTICIAS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E DE MAPAS	51

No globo hai moitos lugares onde viven as persoas. Neste libro imos estudia-los lugares que coñecemos, vivimos, vemos na televisión e aparecen nos mapas. Para facer isto, en primeiro lugar, imos comprobar que é o que sabemos, que opinión temos respecto ós lugares que coñecemos, como son, como se chaman.

Os lugares preferidos

1

Describe como sería o teu lugar preferido para vivir.

COÑECÉMO-LAS NOSAS OPINIÓNS SOBRE OS LUGARES

2

Sinala que aspectos das imaxes que che amosamos se parecen máis a ese lugar. ¿Hai algunha que sexa moi semellante? Fíxate nas árbores, nos prados, na vexetación, na presenza ou ausencia de mar e/ou de ríos, no tamaño representado, nas formas das rúas e das casas.

Foto 1



Foto 2



Foto 3



Foto 4



Foto 5



Foto 6



COÑECÉMO-LAS NOSAS OPINIÓNS SOBRE OS LUGARES

Conclusións individuais



Os lugares coñecidos a través dos medios de comunicación

3

Indica que lugares prefires para vivir. Podes mencionar ata dez lugares diferentes que poden estar moi cerca ou moi lonxe da túa casa, poden ser lugares moi grandes ou moi pequenos. Escribe, pois, dez nomes.

4

Se quixeses ir de vacacións en decembro ou en xaneiro, durante un período de vinte ou trinta días, ¿onde irías? Debes indicar se vas a un lugar ou a outro buscando sol, frío, calor ou neve. Escribe, daquela, só dous lugares, un para sol-calor e outro para frío-neve.

Para sol-calor _____

Para frío-neve _____

Os lugares coñecidos a través dos mapas

5

Dos mapas que aparecen nas figuras 1 e 2, indica cal consideras máis correcto na representación de superficies. Explica os motivos polos que pensas que é mellor.


6

¿Cres que calquera atlas reproduce ben a forma de continentes e océanos? ¿Por que?

COÑECÉMO-LAS NOSAS OPINIÓNS SOBRE OS LUGARES


Proxección de Mercator

Figura 1



Proxección de Peters

Figura 2



Recapitulemos



Os lugares preferidos

7



Compara as opcións dos lugares preferidos para vivir polas que se inclinaron cada un dos membros do grupo, así como tamén as imaxes seleccionadas. Indica se a elección foi resultado de:

- a) Paisaxe de árbores, prados, vexetación.
- b) Pola forma das rúas e vivendas.
- c) O tamaño do lugar: grande, pequeno.
- d) A proximidade ó mar e ós ríos.
- e) A visita a ese lugar ou telo visto na televisión.
- f) Outros motivos: indicade cales.

Lugares preferidos e criterios

Cadro 2

Criterios de elección	Membros do equipo que o elixen						Total de membros que o elixen
	1	2	3	4	5	6	
Paisaxe de árbores							
Formas das rúas e vivendas							
Tamaño do lugar							
Proximidade ó mar, ós ríos...							
Visto na televisión							
Visitado							
Visto na publicidade							
Outros...							

POÑEMOS EN COMÚN AS NOSAS IDEAS

Conclusiones da clase



¿Como é o noso lugar preferido? Describide as súas características.

Recapitulemos



9

A continuación compara os resultados obtidos cos dos teus compañeiros de grupo, respecto ós nomes dos lugares preferidos para vivir.

Lugares elixidos para vivir

Cadro 3

Galicia	España	Resto do mundo	Sen especificar

DOS LUGARES ÓS MAPAS

- 10 Tenta colocar tódolos lugares elixidos polo equipo, nos mapas das figuras 1, 2, 3 e 4. ¿Que dificultades atopaches para situar tódolos lugares nos seus mapas?


Mapa das provincias españolas

Figura 4



Mapa das comarcas de Galicia

Figura 3



DOS LUGARES ÓS MAPAS

- 11** Seguramente, para resolveres moitos dos problemas que encontraches, necesitarás empregar un atlas. Un atlas é unha colección de mapas onde podemos atopar os lugares nas súas correspondentes coordenadas. Para axudarte na procura doutros lugares podes utiliza-lo índice toponímico.

Para coñecer mellor os lugares, imos facer unha ficha semellante a esta.

NOME DO LUGAR	COORDENADAS	CC.AA./ESTADO	CONTINENTE	HEMISFERIO
Santiago	N 42° 50' W 8° 35'	Galicia / España	Europa	Norte
Montevideo				
Estocolmo				
Sidnei				
Bombai				
San Francisco				
Nairobi				
Hanoi				
Lima				

Ademais de localiza-los lugares nas súas coordenadas e países, os mapas dos atlas permítenos compara-las súas superficies.

- 12** No exercicio 5 (actividade "Un") indicaches que un dos mapas (figuras 1 e 2) representaba mellor có outro as superficies de estados e continentes. Agora, cos datos que che ofrecemos, podes comprobar se a túa afirmación inicial era correcta.

Superficies de continentes e territorios (en millóns de km²)

Eurasia	54,1
Europa	10,0
Asia	42,3
A China	9,5
Insulindia	1,8
África	30,5
América	41,9
Norte e Centro	24,2
Grenlandia	2,2
Canadá	9,9
Sur	17,7
Brasil	8,5
Oceanía	8,9
Australia	7,7
Antártida	13,1

DOS LUGARES ÓS MAPAS

13

Como puides comprobar, ás veces é difícil saber onde comeza e onde remata un continente. Por exemplo, ¿onde comeza e remata Europa?, ¿que países forman parte de Europa? Sobre o mapa da figura 5 coloca un número en cor azul que se corresponda cos estados europeos e outro de cor vermella que se corresponda cos estados doutros continentes.

Figura 5



Xa coñecemos-lo nome e situación dalgúns lugares. Tamén sabemos algunhas cousas que teñen os nosos lugares ideais, pero o que non sabemos é que cousas teñen os diferentes lugares do mundo. Unha paisaxe é un conxunto de elementos, formas do terreo, árbores e plantas, ríos e regatos, edificios e estradas, etc., que están condicionados por factores ambientais e pola acción do ser humano. Entre os factores ambientais un dos máis importantes é o clima. Nas paisaxes da Terra pódese percibir a pegada do clima, dado que existe unha sucesión bastante regular de tipos de tempo, coas súas temperaturas, humidade, ventos, etc.

DOS LUGARES ÓS MAPAS

14


Cos datos que che ofrecemos das temperaturas máximas e mínimas do día 20 de xaneiro (*El País*, 21-I-1996) calcula a temperatura media de cada lugar e cubre unha ficha semellante a esta. Debes localizar cada lugar no mapa da figura 2.

LUGAR	T ^a máxima do día	T ^a mínima do día	T ^a media do día	Coordenadas	País e continente
A Coruña	9°	7°			
Valencia	15°	7°			
Madrid	11°	5°			
Bos Aires	32°	19°			
Moscova	-1°	-6°			
Río de Xaneiro	37°	20°			

Agora xa sabes como se deduce a temperatura media dun día. Pero, ¿como poderías coñecer-la temperatura media de cada mes?

A distribución das temperaturas no mundo depende da radiación solar que reciba cada lugar. No verán os lugares están máis tempo expostos ós raios solares, que se proxectan menos oblicuamente. Como poderás ver na figura 6, hai lugares onde en decembro-xaneiro é posible gozar de máis de 20° C de temperatura media.

Figura 6



DOS LUGARES ÓS MAPAS

¿Coinciden os lugares elixidos para as vacacións de sol e calor en decembro-xaneiro cos lugares onde vai máis calor neses meses?



"Catro" FACEMOS UN GUIÓN PARA ESTUDIA-LOS LUGARES

Recapitulemos

✓

15

Imos tratar de elaborar unhas primeiras conclusións respecto ó que estamos analizando. Así, eliximos un lugar ideal para vivir, pero realmente vivimos noutra diferente. Vexamos como son as diferencias.

Lugares elixidos para vivir

Cadro 4

Tamaños e formas	Lugares preferidos	Lugares en que vivimos
Grande extensión		
Pequena superficie		
Con chalés		
Preto do mar		
Preto dun río ou dun lago		
Con edificios altos		
Con industrias		
Con prados		
Con bosques		
Con campos de cultivos		
Outros criterios		
...		

FACEMOS UN GUIÓN PARA ESTUDIA-LOS LUGARES

Conclusiones de equipo



¿Como é o voso lugar en relación ó lugar preferido para vivir? Facede unha redacción a partir dos datos ofrecidos no cadro 4.

16

Buscade as diferencias entre as cousas que facedes no voso lugar e noutro ideal para vivir.

Lugares elixidos para vivir

Cadro 5

Funcións	Lugares preferidos	Lugares en que vivimos
Para facer deporte		
Para pasear por praias e bosques		
Para pasear por avenidas ou alamedas		
Rúas para tráfico de automóbil		
Lugares para divertirse		
Industrias para traballar		
Escolas para estudar		
Outras funcións		
Outras funcións		

FACEMOS UN GUIÓN PARA ESTUDIA-LOS LUGARES

Resultados de equipo



¿Que actividades se desenvolven no teu lugar preferido para vivir e no que vives hoxe?
(Ver cadro 5).

Conclusiones da clase



A partir dos traballos en pequeno grupo, debatede sobre as diferencias entre un lugar ideal para vivir e o lugar en que hoxe vivides. ¿Que significa vivir nun lugar? ¿Que cousas son necesarias para vivir nun lugar? Escibide un gui3n de traballo coas cousas que son necesarias para estudar un lugar. Tomade como referencia os elementos dos cadros 4 e 5.

Gui3n de traballo:

Para estudar ben un lugar debo fixarme en:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

"Cinco" VISITAMOS UN LUGAR

Recapitulemos



Ademais dos lugares en que vivimos e aqueles que imaxinamos, podemos coñecer outros a través de viaxes, noticias relatadas por amigos ou familiares, ou ben polas imaxes, esquemas gráficos ou cartografía, que reproducen os medios de comunicación. Imos ver como se produce esta percepción do espacio.

Unha das mellores formas de estudar xeografía é visitando e coñecendo lugares que outras persoas visitaron e descubriron. Tanto nas nosas viaxes, como nos lugares visitados por outros que aparecen nos medios de comunicación, ou ben nos descubrimentos dos exploradores, podemos estudar xeografía.

Seguramente temos realizado máis dunha viaxe e algúns sitios gustaríannos máis ca outros. Agora imos estudar estes lugares.

VISITAMOS UN LUGAR

17

Fai unha redacción para lérllela ós teus compañeiros de equipo, onde lles contes todo o que lembres sobre un lugar visitado. Podes adxuntarlle fotos ou postais dese mesmo lugar. Explica o itinerario seguido dende onde vives hoxe ata ese lugar.



Poñede en común as redaccións sobre os lugares visitados explicando as semellanzas e diferencias. Indicade os pasos que utilizastes para localiza-los lugares nun mapa.

"Seis" O MUNDO E AS NOTICIAS DOS LUGARES

Recapitulemos



Ademais de coñece-los lugares por medio das nosas viaxes tamén temos noticia doutros lugares do mundo a través da televisión, dos xornais e das revistas. Imos traballar con noticias deses medios de comunicación.

18

Trae noticias de diferentes lugares. Clasifica esas noticias segundo as indicacións que aparecen nos cadros 6 e 7. Para enche-lo cadro, sigue as instrucións do profesor, quen che explicará qué son as unidades de magnitude. Para facer ben este exercicio debes numerar cada noticia que traías.

Cadro 6

Noticias de carácter local
Noticias de ámbito provincial ou autonómico (Comunidade)
Noticias de España
Noticias doutros países
Noticias de toda Europa
Noticias do mundo

O MUNDO E AS NOTICIAS DOS LUGARES

Clasificación das noticias

Cadro 7

Situación	Ordes de magnitude						
	I	II	III	IV	V	VI	VII/VIII
Na localidade							
Na com. autónoma							
En España							
En Europa							
No mundo							

Ordes de magnitude	Unidades de superficie que expresan	Equivalencia en m ²	Escala numérica	Mapas de referencia	Exemplos de referencia
I	decenas de millóns de km ²	10 ¹³ m ²	1:100.000.000 1:80.000.000	Planisferio Mapa Mundi	Grandes potencias mundiais: EE.UU., Rusia, China, Brasil, Australia. Áreas continentais: Europa, América do sur.
II	millóns de km ²	10 ¹² m ²	1:50.000.000 1:20.000.000	Mapas de continentes	Grandes estados: India, Arxentina, Zaire, Alxeria. Conxuntos de estados: a U.E.
III	centenares de miles de km ²	10 ¹¹ m ²	1:10.000.000 1:1.000.000	Mapas de España	Estados como: España, Francia, Marrocos, Chile, Iraq, Xapón.
IV	decenas de miles de km ²	10 ¹⁰ m ²	1:400.000 1:200.000	Mapa rexional Mapa das comunidades autónomas	Estados pequenos como: Portugal, Suíza, Costa Rica, Israel, Bélxica. Comunidades autónomas españolas: Castela-A Mancha, Cataluña. Grandes provincias: Badaxoz.
V	varios km ²	10 ⁹ m ²	1:50.000 1:25.000	Mapa topográfico	Miniestados: Andorra, Singapur, Malta, As Bermudas. Comarcas: O Ribeiro. Grandes concellos: Vigo, Santiago, Lugo.
VI	varias hectáreas	10 ⁸ m ²	1:10.000 1:5.000	Plano dunha cidade	Microestados: Mónaco, O Vaticano. Distritos urbanos. Concellos.
VII	varias áreas	10 ⁷ m ²	1:2.000 1:1.000	Plano de rúas	Rúas dun barrio.
VIII	m ²	1m ²	1:500 1:100	Plano dunha casa	Edificios dunha rúa. Vivenda.

O MUNDO E AS NOTICIAS DOS LUGARES

19

Imos ver, agora, noticias de xornais doutros lugares do mundo. Trátase de confeccionar uns mapas cos lugares que aparecen reseñados nas noticias. Para facelo tomade como orientación o mapa que elaboramos coa viaxe dos seareiros do equipo de fútbol de Sabadell a Bilbao (Figura 7).



Figura 7

Cos exemplos dos documentos seleccionados confecciona mapas tal como indicamos na figura 7. Igualmente, cando o documento periodístico sexa un mapa, plano ou croquis, debes redactar ti unha noticia.

Acordo final de dous partidos en Camboxa

PHNOM PENH

Os dous partidos políticos de Camboxa, anteriormente inimigos mortais, o Partido do Pobo e o monárquico Funcinpec, acadaron onte un acordo final para

compartir o poder nun goberno interino, pero os "duros" do primeiro partido continuaban resistíndose ó pacto.

(REUTER)

Aforcado outro integrista musulmán no Cairo

O CAIRO

Un militante musulmán, condenado por un tribunal militar por asasinar un oficial de policía, foi executado onte na forca nunha prisión do Cairo, converténdose no segundo integrista que morre desta forma en dez días.

(REUTER)

Unha curva cun negro balance de sinistros



A curva de Placeres, onde ocorreu o accidente, e as súas inmediacións, así como un treito posterior de seiscientos metros da N-558, no sentido Pontevedra-Marín, conforman a zona máis conflictiva da capital provincial en canto a accidentes de circulación e ás súas consecuencias.


O de onte foi o sinistro máis grave no que vai de ano, pero non o único. En 1997, entre o quilómetro 3 e o 4,9 desta estrada, producíronse quince colisións, cun balance de dous mortos, seis feridos graves e sete leves. Este treito inclúe a impopular curva, que case sempre é a orixe dos sinistros.

Na zona comprendida entre o

quilómetro 4 e o 4,6, dende a confluencia desta estrada coa comarcal 550 ata onde comeza o Concello de Marín, houbo o pasado ano oito accidentes, cun resultado de dous mortos e once feridos.

Neste curto espazo, os condutores realizan con frecuencia manobras incorrectas, en moitos casos relacionadas con desvíos cara ó porto ou ó interior da localidade de Etribela. Catro atropelos de peóns completan a preocupante estatística deste punto negro.

A reforma da curva e das súas inmediacións está xa proxeitada polo Ministerio de Fomento e espérase que se comece a executar neste mesmo ano.



Bosnia concentra o maior esforzo humanitario en Europa dende 1945

H.T. MEDJUGORJE

A guerra en Bosnia-Herzegovina supón xa o maior despregue de axuda humanitaria en Europa dende a Segunda Guerra Mundial. A falta dunha política para facer fronte á guerra e ás súas causas

levou á comunidade internacional a concentrarse en paliar algunhas das súas consecuencias.

(REUTER)

O MUNDO E AS NOTICIAS DOS LUGARES

Mapas e noticias recollidas por nós.

20


Para finalizar, anota as vantaxes e inconvenientes de clasifica-los lugares do mundo que aparecen nas noticias dos medios de comunicación, segundo o proposto nos cadros 6 ou 7.

Recapitulemos

✓

Seguramente oíches falar de Cristovo Colón, Magallães ou Vasco dea Gama. Terás oído falar menos de Juan de la Cosa, que era un mariño que acompañou ós grandes exploradores. Como ves na figura seguinte, Juan de la Cosa realizaba mapas dos lugares que se estaban a descubrir.

Figura 8



África. Mapa de Juan de la Cosa, 1500
(Segundo copia gravada, publicada en 1842).

EXPEDICIÓN XEOGRÁFICAS E DESCUBRIMENTOS DE LUGARES

21

¿Que cres que representaba ese esquema gráfico (figura 8)? ¿Como o farían? ¿Por que hai moitos nomes na costa? ¿Como poderían facer para calcular as distancias? Explica como farían para orientarse.

Figura 9
África, ano 1998



22

Observa atentamente as diferenzas que existen entre os dous mapas de África. Anota as diferenzas. Anota tamén as datas de realización dos mapas (véxanse figuras 8 e 9). ¿Por que cres que hai diferenzas?

EXPEDICIÓN XEOGRÁFICAS E DESCUBRIMENTOS DE LUGARES

23

Indica en cal dos mapas de África das figuras 8 e 9 podes realizar unha medición máis correcta. ¿Por que se pode medir con máis precisión?

24

Para concluír esta actividade, fai unha redacción onde indiques como inflúen as viaxes no coñecemento da Terra e os seus diferentes lugares. Pon exemplos de descubrimentos xeográficos que sexan significativos para o coñecemento do planeta.

Respostas

Os lugares visitados e as melhores ideias

25

Facete na classe um mural das reflexões realizadas. Indique depois quais são as características que mais se repetem. Focá-las especialmente em:



- a) *Quais passos utilizastes para representar os lugares?*
- b) *Quais formas apareceram reflectidas no croquis realizado para indicar o itinerário de cada esse lugar?*
- c) *Quais actividades se efectuam nesses sítios?*
- d) *Quais elementos tem esse lugar?*

EXPLICÁMO-LOS ELEMENTOS DUN LUGAR VISITADO: UNHA PRIMEIRA SÍNTESE

26

¿Que semellanzas e diferencias existen cos lugares preferidos para vivir que seleccionastes ó principio do tema?

Cadro 9

Elementos	Lugares visitados	Lugares preferidos
Formas		
Situación		
Tamaño		
Paisaxe		
Actividade humana		
Outros		

27

Fai unha redacción coas conclusións do debate realizado na clase respecto a tódalas cousas que se deben ter en conta para estudar un lugar.

**EXPLICÁMO-LOS ELEMENTOS
DUN LUGAR VISITADO: UNHA PRIMEIRA SÍNTESE**

A large empty rectangular box intended for writing a synthesis of a visited location.

Recapitulemos

✓

Os lugares próximos

28

Queres estudar-lo espazo onde vives, pois queres explicarlle a outra persoa como é. Fíxate na foto e no plano que aparecen nas figuras 10 e 11. Señala as semellanzas e diferencias que existen. ¿Cres que representan o mesmo lugar? ¿Que representación é mellor? ¿Que vantaxes existen se comparamos ámbalas dúas representacións?


29

A escala numérica é a relación ou proporción entre o mapa ou plano (numerador) e a realidade (denominador). No numeradorponse sempre o valor 1. ¿Cal é a relación ou escala na figura 11?

A REPRESENTACIÓN DOS LUGARES COÑECIDOS

A escala gráfica é unha regreta como a que aparece no recadro, que indica que se nós medimos unha distancia no mapa podemos saber a canto corresponde na realidade por comparación. Observa o exemplo da figura 12.

Figura 12



30

Nesta, se medimos 5 centímetros no mapa sabemos que se corresponden con 25 quilómetros na realidade. ¿Que ocorre se medimos 5 cm no mapa de África?

¿Que pasaría se medimos eses 5 cm no plano de Santiago?

Explica agora coas túas palabras que é unha escala dun mapa e para que serve.

"Dez" A REPRESENTACIÓN DOS LUGARES NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Recapitulemos

✓


31

Observa a reprodución destes esquemas gráficos que acompañan unha noticia aparecida nun xornal que informaba da sublevación de tribos amazónicas ante a destrución do seu hábitat, como consecuencia da corta de árbores.

¿Por que se superpoñen os mapas na figura 13?

¿Cantas ordes de magnitude e unidades administrativas se superpoñen?

El País, luns 27 de febreiro de 1989



MIRÓ NÚÑEZ (ASSOCIATED PRESS)

Figura 13

A REPRESENTACIÓN DOS LUGARES NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

¿Fixestes vós algo semellante para indica-lo lugar visitado? ¿Parécevos axeitada esta representación? Revisade a clasificación das noticias da actividade. Observade se seguistes esta técnica. Corrixide ou amplíade os mapas que realizastes.

Figura 14





Figura 15



Arriba, a illa do Gobernador, escenario do encontro de Gorbachov con Reagan e Bush. Abaixo, mapa de Manhattan.

A REPRESENTACIÓN DOS LUGARES NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Como vimos, os medios de comunicación teñen dificultades para poder representalos diferentes lugares do mundo.

Nos mapas e fotos dos medios de comunicación, en especial nas revistas de cor, podemos aprender que existen uns códigos de lectura de mapas e fotos (véxase Figura 15).

Figura 16





Figura 17



32

Nos exemplos vistos debedes describir coas vosas palabras o significado das liñas e símbolos que aparecen nos mapas (Figuras 14, 15, 16 e 17). ¿En cal non está ben realizada a superposición de figuras? ¿Por que?

33

Buscades folletos turísticos e noticias de revistas semellantes a estas, e, a continuación, diferenciade e clasificade os símbolos que utilizan para representalos lugares e as súas características.

A REPRESENTACIÓN DOS LUGARES NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

34

A partir da foto que presentamos, realiza unha lenda dos símbolos que ti empregarías para representar esquematicamente o mesmo espacio.




Figura 18

Recapitulemos

✓

35

Imos ver dous mapas moi semellantes. A escala varía moi pouco e son porcións dos correspondentes mapas de estradas. Sen embargo, as distancias non son iguais entre dous puntos co mesmo topónimo. Comproba, polo tanto, a escala gráfica. (Véxanse figuras 19 e 20).

Mide a distancia que existe entre 0 e 1000 metros na escala gráfica da figura 19. Explica como podes sabe-la escala numérica que representa. Escribe aquí a escala que corresponde a cada figura.

36

Indica dez diferencias entre unha e outra figura.

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- 6
- 7
- 8
- 9
- 10

A REPRESENTACIÓN CARTOGRÁFICA DOS LUGARES

¿Por que existen estas diferencias? ¿Que cousas hai na figura 20 que non aparecen na figura 19?

Figura 19





Figura 20



A REPRESENTACIÓN CARTOGRÁFICA DOS LUGARES

Cos resultados obtidos nas respostas ás preguntas 35 e 36, explicade a repercusión do cambio de escala nos dous mapas.



37

Ó finalizar, cada membro do equipo realizará unha redacción individual cos resultados do traballo en equipo, indicando as vantaxes que existen ó cambiar de escala cando analizamos un lugar.

A REPRESENTACIÓN CARTOGRÁFICA DOS LUGARES

Nos mapas atopamos tamén signos que teñen un significado concreto. Poden ser liñas, puntos de diferente tamaño, punto e liña ou cruces. Outras veces o significado é consecuencia da combinación da cor co signo.

Vexamos algúns exemplos:

- Liña continua e cor azul: río.

- Liña discontinua e cor azul: regato.

Lendas de atlas e mapas

Figura 21

Aeroporto	Centro espacial	Refuxio
Balneario	Convento, mosteiro	Ruínas, curiosidade histórica
Castelo	Curiosidade turística	Torre marítima
Catedral, santuario, ermida	Faro	Vértice, altitude

38

Nas lendas dos mapas topográficos aparecen xeralmente estes símbolos convencionais, que teñen un significado preciso. Compara estes símbolos cos que ti utilizaches para explicar o teu itinerario ó lugar visitado ou para representa-las noticias dos medios de comunicación.

Figura 22

Estradas		Signos especiais		
Autopista, autovía, Nacional radial		Vértice zenital: P, Z e P' ortz		
Nacional, Comarcal		Cantiera, Mina, Mina a ceo aberto		
Local, Estación de servizo		Torre de observación, Cova, Repetidor de TV		
Particular, pista, Vía de urbanización		Cemiterio		
Comedreira, Senda		Igrexa, Ermida, Cruz illada		
Vía pecuaria, Calzada romana		Muller de vento, de auga		
Ferrocarrís		Castelo, Torre, Faro		
Vía ancho normal: dobre, simple		Edificio illado, Curral, Ruínas		
Vía estreita: dobre, simple		Central eléctrica: hidráulica, térmica, nuclear		
Electrificación: En construción ou abandonado		Depósito elevado a rentes do chao, subterráneo		
Estación, Tínel, Quilómetros		Pozo, Fonte, Manancial, Bebedouro		
Paso a nivel: Superior, inferior		Oleoduto, Teleférico		
Vías fluviais		Liña eléctrica, Atravesado		
Ríos: perenne, intermitente		Muro, Muru de contención		
Canais importantes		Denomine, Terraplén		
Canles: distribución, rega, drenaxe		Curva asimétrica, intercalada, fixa		
Acoeducto, Condución subterránea		Curva batimétrica, Balizas		
Canles secas ou aturdiadas		Lindes de uso do solo		
Límites de divisións administrativas				
Nación, Provincia				
Concello, Anexo				

A REPRESENTACIÓN CARTOGRÁFICA DOS LUGARES

39

Para finalizar, realiza unha redacción onde indiques que cousas aprendiches sobre os mapas: para que serven, como se fan, por que cambian...

Recapitulemos

✓

Seguramente coñeces ben o teu lugar, e é probable que che gusten uns sitios máis ca outros. Pero, *¿como poderías axudar a un forasteiro?*

Supoñamos que unha persoa doutro lugar quere coñecer-la túa aldea, a túa vila ou a túa cidade. Intenta axudarlle a coñecer mellor ese lugar, realizando croquis ou planos-guía das cousas máis importantes.

- a) Sinala con símbolos diferentes os lugares máis relevantes.
- b) Realiza un itinerario a eses lugares.
- c) Explicalle ó forasteiro por que lle pode interesar visitar eses lugares.
- d) Explicalle que cousas ou elementos compoñen o lugar onde vives.

Toma como referencia o guión de traballo e os resultados da actividade "Catro" (páxinas 17 a 19).

a) Símbolos

Símbolo	Significado	Símbolo	Significado

EXPLICÁMOSLLE A UN FORASTEIRO O LUGAR ONDE VIVIMOS

b) Itinerario

c) Interese para o forasteiro

d) Elementos

EXPLICÁMOSLLE A UN FORASTEIRO O LUGAR ONDE VIVIMOS



a) Comparade os itinerarios e lugares reflectidos nos croquis polos compañeiros de grupo. ¿Que diferencias existen?

b) Buscade un plano ou mapa turístico desta localidade e comprobade se aparecen os lugares reflectidos por vós.

c) Realizade sobre o mesmo plano os itinerarios precisos para coñece-los lugares máis importantes. Comparade logo este itinerario co realizado antes individualmente por vós.

d) Comparade as redaccións individuais e despois chegade a conclusións respecto a como é e como explicarlle este lugar a un forasteiro.

"Freece"

PLANIFICAMOS UNHA VIAXE A UN LUGAR DESCOÑECIDO

Rescapitulemos

✓

41

Agora supón que es ti quen vai visitar outra cidade que non coñeces. Vexamos un exemplo: Madrid.

Cos mapas que che amosamos, ¿como poderías facer para chegar deica o estanque do parque do Retiro, se ti chegaches en tren deica a estación de Chamartín? (A estación de Chamartín está conectada directamente coa de Atocha, por medio dun tren de cercanías de RENFE).



Figura 23

PLANIFICAMOS UNHA VIAXE A UN LUGAR DESCOÑECIDO

42

Indica como ordenaría-los mapas que che sinalamos e cal utilizarías primeiro, e logo que outros mapas che serían máis útiles (véxanse figuras 23, 24 e 25).




Figura 24




Figura 25

Escala 1:10.000
0 500 1000 m

PLANIFICAMOS UNHA VIAXE A UN LUGAR DESCOÑECIDO

43

Para saber se é mellor ir andando ou coller un taxi, cómpre facer unhas medicións no mapa. Para isto é necesario que observes.

¿En que mapas podes facer unha medición precisa e en cales non?

44

¿Poderías medir con gran precisión a distancia existente entre as prazas de Cánovas del Castillo e de Cibeles do mapa de Madrid (figura 25)? ¿Cal sería o resultado? Explica o proceso seguido.

Sobre o mesmo mapa, se chegaches á estación de Atocha e te dirixes á Porta de Alcalá, ¿canto tardarías aproximadamente en caso de irs a andar? (calcula dez minutos por quilómetro).

45

Redacta un informe onde lle expliques a un amigo como pode coñecer Madrid. Indícalle que publicacións debe consultar.

Axúdao no seu proxecto escribindolle ó final un guión onde sinalas que cousas tería que explicar.

Compara o guión elaborado co que realizaches ó remata-la actividade "Catro". ¿Que diferencias atopas?

Recopilamos



Ir á praia custarache menos do que imaxinas

Bogotá/ Cartaxena de Indias dende 207.000 ptas.	México dende 120.400 ptas.
Bos Aires dende 164.000 ptas.	Miami dende 95.000 ptas.
Cancún dende 131.000 ptas.	Panamá e A Illa Contadora dende 143.300 ptas.
Caracas/A Illa Margarita dende 141.000 ptas.	Río de Xaneiro dende 126.500 ptas.
Guatemala e México dende 255.100 ptas.	San Xoán de Costa Rica e A Praia Tambor dende 159.600 ptas.
A Habana e Varadeiro dende 131.900 ptas.	San Xoán de Porto Rico dende 146.100 ptas.
Lima, Cuzco e Machu Pichu dende 188.700 ptas.	Santiago de Chile dende 230.700 ptas.
Os Ánxeles dende 125.000 ptas.	Santo Domingo/A Praia de Bavaro dende 136.500 ptas.

Prezos válidos dende o 15 de xaneiro ó 31 de marzo e suxeitos a posibles variacións.
Tódolos paquetes inclúen avión ida e volta dende Madrid. / Noites de hotel en cuartos dobres e traslados.

EXPLICAMOS E COMPARAMOS LUGARES DO MUNDO A TRAVÉS DE NOTICIAS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E DE MAPAS

46

Imos organizar unha viaxe dende o noso domicilio. Dispoñemos de información das viaxes de Iberia a diferentes lugares de praia, así como un plano que nos indica como chegar ó aeroporto de Barajas.

¿Que tipo de tempo crees que vai nestes lugares durante estes meses?:

- Frio e seco
- Húmido e cálido
- Cálido e seco
- Húmido e tépedo

Coa axuda dun atlas podes sabelo. ¿Como? Pon exemplos concretos.

47

Escrebe na túa libreta que lugar seleccionaches para ir de vacacións. ¿A que estado irías? ¿A cales podes ir directamente en avión dende Madrid e para cales necesitas cambiar de medio de transporte ou enlazar con outro voo? ¿Por que elixiches ese lugar? Explica as cousas que pensas que vas atopar ali.

EXPLICAMOS E COMPARAMOS LUGARES DO MUNDO A TRAVÉS DE NOTICIAS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E DE MAPAS

48

Ordena os mapas que necesitas empregar para ires dende o teu domicilio ata o lugar de praia. Explica o gráfico elaborado polo Ministerio de Transportes para situa-lo aeroporto de Barajas, dando conta das tres unidades de magnitude que se superpoñen.





Figura 26

Figura 27



EXPLICAMOS E COMPARAMOS LUGARES DO MUNDO A TRAVÉS DE NOTICIAS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E DE MAPAS

49


Indica a situación nas súas coordenadas xeográficas do lugar ó que chegaches. Sinala tamén a hora aproximada dese lugar cando en Madrid son as tres da tarde (quince horas). Emprega a figura 28. Explica o procedemento que seguiches.

50

Por último, fai unha redacción, consultando unha enciclopedia ou un libro de viaxes, onde sinalas que cousas sabes que vas atopar nese lugar. Explica as diferencias que hai entre o que ti pensabas e o que indica a enciclopedia. Observa que cousas do guión da actividade "Castro" aparecen na información da enciclopedia. ¿Por que faltan ou sobran cousas?

EXPLICAMOS E COMPARAMOS LUGARES DO MUNDO A TRAVÉS DE NOTICIAS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E DE MAPAS

Figura 28




Para rematar o tema propoñémosvos unha viaxe arredor do mundo.

Os medios de comunicación fálannos, ás veces, de grandes viaxes, como foi no caso da *Voyager*. Imos acompañar a esta aeronave no seu percorrido (véxase figura 29).

Indicade como poderíades chegar ata o punto de saída. Empregade a información que xa coñeces de exercicios anteriores.




Figura 29




EXPLICAMOS E COMPARAMOS LUGARES DO MUNDO A TRAVÉS DE NOTICIAS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E DE MAPAS

Figura 30



Indicade o maior número posible de lugares sobrevoados polo Voyager. Coa axuda do voso atlas facede un informe onde explicades como podedes coñecer os lugares polos que pasou o Voyager. Elixide cada equipo un espazo dunha extensión de 20° entre meridianos, é dicir, 20° de lonxitude (véxase a figura 30), que coincidirá na súa latitude coa ruta do Voyager. Nesa extensión buscaréde-lo voso lugar preferido para vivir e escribiredes un informe contando como é ese lugar.



XUNTA
DE GALICIA 
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

Subvencionado pola Xunta de Galicia,
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,
Dirección Xeral de Política Lingüística.

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA

